



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2019/20 |
| Asignatura (*) | Traballo fin de Mestrado | Código | 652606607 | |
| Titulación | 5 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Formación e Orientación Laboral | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónPedagogía e Didáctica | | | |
| Coordinación | | Correo electrónico | | |
| Profesorado | Arza Arza, Neves Perea Vega, Gustavo Ariel Varela Urrutia, Roberto | Correo electrónico | neves.arza@udc.es gustavo.perea@udc.es roberto.urrutia@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | No Traballo de fin de mestrado (TFM) converxen a maior parte das competencias do Mestrado. É un traballo individual que se realiza baixo a dirección do profesor ou profesora asignada. O tempo total de dedicación é de 150 hs. (6 ECTS). Pode presentarse en dúas oportunidades. A primeira a finais de xuño e a segunda no mes de setembro. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | (CE-G1)Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións |
| A3 | (CE-G3)Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais. |
| A4 | 4. (CE-G4)Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes |
| A8 | 8. (CE-G8)Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá |
| A10 | 10. (CE-G10)Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. |
| A13 | 13. (CE-G13)Comprender as implicacións educativas da situación lingüística galega e adquirir e aplicar criterios, estratexias e recursos pedagóxicos para participar na planificación e desenvolvemento do plano lingüístico do centro. |
| A14 | CE-G14) Respetar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade. |
| A15 | CE-E1)Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización. |
| A16 | (CE-E2)Coñecer os contidos que se cursan nos respectivos ensinos. |
| A18 | (CE-E4)Coñecer contextos e situacións en que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares |
| A19 | (CE-E5)Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes. |
| A20 | (CE-E6)Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo. |
| A21 | (CE-E7)Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos. |
| A23 | (CE-E9)Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe. |
| A24 | (CE-E10)Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo. |
| A25 | (CE-E11)Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada. |
| A26 | (CE-E12)Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade. |
| A29 | CE-E15) Coñecer a evolución do mundo laboral, a interacción entre sociedade, traballo e calidade de vida, así como a necesidade de adquirir a formación axeitada para a adaptación apropiada e permanente das distintas profesións (FP). |
| A30 | CE-P1) Adquirir experiencia na planificación, na docencia e na avaliación das materias correspondentes á especialización.. |
| A33 | (CE-P4) Participar nas propostas de mellora nos distintos ámbitos de actuación a partir da reflexión sobre a práctica. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |



| | |
|----|--|
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|------|-------------------------------------|------------|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias / Resultados do título | |
| Elaborar a fundamentación teórica e legal, analizando e valorando as bases legais aplicables a etapa educativa | AP1 | | CM1 |
| | AP10 | | CM3 |
| | AP13 | | CM4 |
| | AP14 | | CM6 |
| | AP15 | | CM7 |
| | AP16 | | CM8 |
| | AP18 | | |
| | AP19 | | |
| | AP21 | | |
| | AP24 | | |
| Deseñar unha programación ou unidade didáctica contextualizada, viable, coherente co marco teórico e curricular | AP1 | | CM1 |
| | AP3 | | CM3 |
| | AP4 | | CM4 |
| | AP8 | | CM6 |
| | AP10 | | CM7 |
| | AP13 | | CM8 |
| | AP14 | | |
| | AP15 | | |
| | AP16 | | |
| | AP18 | | |
| | AP19 | | |
| | AP20 | | |
| | AP21 | | |
| | AP23 | | |
| | AP24 | | |
| | AP25 | | |
| AP26 | | | |
| AP29 | | | |
| AP30 | | | |
| AP33 | | | |
| Comunicar o coñecemento adquirido | | | CM1 CM3 |

| Contidos | |
|----------|----------|
| Temas | Subtemas |



| | |
|---|---|
| Deseño dunha proposta didáctica ou dunha programación | <ol style="list-style-type: none"> Fundamentación teórica e legal Deseño da proposta <ul style="list-style-type: none"> - Contextualización (curricular, centro e alumnado) - Obxectivos e contidos - Contidos - Metodoloxía - Actividades - Avaliación Conclusións |
| En caso de que o TFM non se centre no deseño do segundo ou terceiro nivel do currículo, as temáticas adaptaranse á modalidade escollida e as características específicas do Itinerario de FOL | <ol style="list-style-type: none"> Fundamentación Desenvolvemento Conclusións |

| Planificación | | | | |
|------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Traballos tutelados | A33 A30 A29 A26 A25 A24 A23 A21 A20 A19 A18 A16 A15 A14 A13 A10 A8 A4 A3 A1 C1 C3 C4 C6 C7 C8 | 1 | 136 | 137 |
| Presentación oral | A1 A2 A12 A17 C1 C8 C3 | 1 | 9 | 10 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|---------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados | O TFM pode acollerse a distintas modalidades que están descritas no seu documento marco. Entre outras, estarían: o deseño e desenvolvemento dunha investigación educativa, a revisión e investigación bibliográfica, un proxecto integrado ou actividades complementarias, innovación educativa con elaboración de materiais didácticos, temáticas transversais (perspectiva de xénero, educación mediática, competencia dixital docente etc.), programacións dos módulos ou materias da especialidade e deseño de unidades didácticas. |
| Presentación oral | Consiste na presentación e defensa do TFM ante un tribunal composto por profesorado do mestrado. Para a exposición, que é pública, o alumnado disporá de 20 minutos. O tribunal realizará as valoracións e preguntas que estime oportunas e debatirá co alumno/a. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Presentación oral | A elaboración do TFM estará supervisada pola profesora ou profesor asignado. Este labor de orientación e supervisión tamén se estende á preparación da presentación e defensa do TFM. |
| Traballos tutelados | |

| Avaliación | | | |
|--------------|---------------------------|------------|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| | | | |



| | | | |
|---------------------|--|--|----|
| Presentación oral | A1 A2 A12 A17 C1 C8 C3 | Presentación e defensa ? Calidade nos medios e/ou materiais de apoio. ? Selección e síntese da información ? Utilización de vocabulario profesional. ? Utilización da lingua galega con calidade lingüística ? Capacidade de argumentar na defensa | 15 |
| Traballos tutelados | A33 A30 A29 A26 A25 A24 A23 A21 A20 A19 A18 A16 A15 A14 A13 A10 A8 A4 A3 A1 C1 C3 C4 C6 C7 C8 | Cuestións formais (5%) ? Claridade expositiva e organización da información ? Marxes, identificación das táboas, diferenciación tipográfica dos distintos apartados e subapartados. ? Pertinencia dos anexos Fundamentación teórica e legal (30%) ? Suficiencia e profundidade do marco teórico ? Incorporación das aportacións/temáticas abordadas nas materias do mestrado. ? Bibliografía actualizada e referenciada conforme ás normas APA 6ª edición. ? Análise e valoración crítica das prescricións normativas e curriculares que aplicables a proposta ? Orixinalidade na presentación da temática Proposta (35%) ? Contextualización (centro, alumnado, curricular) ? Nivel de concreción e formulación de obxectivos e contidos ? Nivel de concreción (desenvolvemento das actividades e coherencia coa proposta metodolóxica ...) ? Nivel de concreción da proposta de avaliación (construción de instrumentos, participación do alumnado, criterios de cualificación, avaliación da proposta...) ? Viabilidade da proposta atendendo a súa contextualización. ? Relación e coherencia coa fundamentación teórica e normativa Valoración persoal e conclusións (15%) ? Relación das conclusións cos obxectivos do TFM. ? REflexión sobre as competencias adquiridas e os ámbitos de mellora profesional. ? Grao de integración dos coñecementos coseguidos nas distintas materias do mestrado Utilización da lingua galega con calidade lingüística Utilización da lingua inclusiva | 85 |

Observacións avaliación



RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación e cualificación detállanse nunha rúbrica que se pode consultar en moodel.

UTILIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

A utilización da lingua galega no documento escrito e na presentación pode incrementar a cualificación até un punto.

REQUIRIMENTO PARA PRESENTAR O TFM

O TFM só se pode presentar tendo a totalidade das materias do mestrado aprobadas.

CONVOCATORIAS/OPORTUNIDADES , TRIBUNAIS E DEFENSA

O alumnado disporá dunha convocatoria con dúas oportunidades. A primeira oportunidade é a finais de xuño, a segunda en setembro.

Para a avaliación dos TFM constituiranse tribunais formados por tres persoas titulares e unha ou dúas suplentes. Os membros dos tribunais son docentes do Mestrado, na súa maioría das materias do itinerario específico. A dirección do TFM non poderá formar parte dos tribunais que xulguen os TFM do alumnado que titorizou. Para a defensa do TFM o alumnado disporá dun máximo de 20 minutos. O tribunal formulará as preguntas, comentarios e suxestións que estime oportunas. Finalizadas todas as defensas dos TFM o tribunal publicará as cualificacións provisionais no taboleiro do mestrado ou en moodel e indicará a data, hora e lugar para a revisión. **FALTA DE INTEGRIDADE**

ACADÉMICA Ausencia de citación de fontes As citas e referencias a calquer tipo de texto deben declararse ao longo do texto e no apartado de referencias bibliográficas, utilizando as normas APA 6º edición. PlaxioO plaxio será motivo de suspenso. O artigo 14.4 da normativa académica de avaliación da UDC establece que " na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade" **NORMAS PARA A AVALIACIÓN, REVISIÓN E**

RECLAMACIÓNS https://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/academica/Normas_avaliacion_revision_reclamacion_consolidado_I.pdf
<http://www.educacion.udc.es/?pagina=propiedad-intelectual>

Fontes de información

Bibliografía básica

- (). .

No Documento Marco para a elaboración do TFM dáse conta das posibles temáticas do TFM, da súa dirección (asignación de titor/a e funcións), da estrutura e cuestións formais do TFM, dos criterios de avaliación, do procedemento de avaliación e do calendario e procedemento de entrega e defensa. Pode consultarse en moodel e na web da Facultade de Educación no apartado do Mestrado de Profesorado. O alumnado ha de facer buscas específicas e o profesorado titor do TFM proporcionará algunha bibliografía académica á temática. Na medida en que no TFM converxen a case totalidade das materias do Mestrado, o alumnado ha de recuperar as fontes proporcionadas polo seu profesorado. En moodel amósanse recursos para a elaboración de traballos académicos (guías para mellorar a redacción, para mellorar a escrita en galego, para a busca de fontes de información, para as normas APA e para a utilización da lingua inclusiva etc.)

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Relación coas materias do mestrado Para a realización do TFM son imprescindíbeis as achegas de todas materias do Mestrado, maiormente as propias da especialidade (Aprendizaxe, Inserción e orientación laboral, Practicum e Mercado laboral e FP). Polo tanto, un bo aproveitamento das materias facilita a elaboración do TFM. Lectura do documento marco do TFM. No documento marco do TFM pode obterse información máis detallada sobre modalidades ou temáticas, funcións e asignación da dirección, procedemento de avaliación e procedemento e calendario para a presentación e defensa. Este documento está dispoñible na web da Facultade, no apartado destinado ó Mestrado e en moodle.

COMPROMISO COA SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL Débese facer un uso sustentábel dos recursos co obxecto de evitar impactos negativos sobre o medio natural. Débese

ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos

valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. En coherencia cos principios enunciados, os

traballos impresos que se teñan que entregar non utilizarán plásticos,

estarán impresos a dobre cara e empregarán papel reciclado

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías